



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981 74 20 01 – 981 74 21 17 - Fax: 981 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 (A Coruña)

www.concellomuxia.com

E-Mail: correo@muxia.es

D. Francisco Javier Sar Romero, Alcalde – Presidente do Concello de Muxía,

En uso das atribucións que me confire o artigo 21. 1. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, veño a ditir o presente:

BANDO

Ante as queixas recibidas por parte de veciñas/os e usuarias/os das vías públicas, así como das indicacións da Policía Local; as persoas interesadas na recollida de enseres voluminosos para o Punto Limpo, deben proceder como segue.

Todos os obxectos (electrodomésticos, mobles, xoguete,…) que poidan ser reciclados, son chamados Residuos Voluminosos. O Concello de Muxía realiza a **recollida de enseres ou residuos voluminosos, os martes pola mañá de forma gratuita, previo aviso chamando por teléfono 981 74 20 01, ou personándose no concello.**

Deben indicar o seu nome, o lugar da recollida, o teléfono de contacto e os residuos a recoller. A cantidade é limitada por día de recollida e non poden depositarse residuos como neumáticos, “uralita”, …

Os obxectos deben ser depositados ao carón da vivenda ou propiedade da persoa interesada, durante a noite anterior a sinalada polo concello como día que se procederá a súa recollida.

As persoas interesadas, poden entregar os residuos voluminosos directamente no Punto Limpo municipal (situado detrás do colexio de Os Muños), todos os mércores de 09:00 a 13:00 horas e de 16.00 a 18:00 horas. Os sábados de 09:00 a 13:00 horas.

As empresas están obrigadas a xestionar os residuos que xeneren na súa actividade.

Evitemos entre todos os depósitos de residuos sen control e as incomodidades para o restos de veciñas e veciños. En caso de ser detectados vertidos incontrolados, a Policía Local realizará xestións para dar cos responsables.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Muxía na hora e data da firma dixital.

O ALCALDE

Francisco Javier Sar Romero

(asinado dixitalmente ao marxe)